

ACTA DA REUNIÓN DO XURADO DO XV PREMIO DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL «PURA E DORA VÁZQUEZ» NA MODALIDADE DE NARRACIÓN

No Centro Cultural «Marcos Valcárcel» da Deputación Provincial de Ourense, o día 27 de xuño de 2018, sendo as 11:00 horas, reúnense os membros do xurado do **XV Premio de literatura infantil e xuvenil «Pura e Dora Vázquez»**, na modalidade de **narración**, integrado por:

XURADO:

- José Manuel Fernández López (proposto polo Grupo Popular).
- Carlos Rodríguez Calvo (proposto polo Grupo do PSdeG.-PSOE).
- Mario González Sánchez (proposta polo Grupo Democracia Ourenseana).
- Xosé Manuel Cid Fernández (proposto polo BNG).

PRESIDENTE:

Manuel Doval Soto, deputado de Cultura da Deputación de Ourense.

SECRETARIA:

Ana M^a Malingre Rodríguez, xefa da sección Arquivo e Publicacións

Adoptando o seguinte

acordo:

Examinados todos os traballos presentados dentro do prazo, o xurado decide excluír da valoración, as seguintes obras, por estar redactada en lingua castelá, o que non se axusta á base A.2 deste premio, onde pon: *poderán presentarse ao concurso regulado nestas bases, autores de calquera nacionalidade, sempre que presenten os seus orixinais en lingua galega.*

Nº rex.: 2018016170 Data de rexistro 10-05-2018

Nº rex.: 2018018010 Data de rexistro 25-05-2018

Nº rex.: 2018018497 Data de rexistro 30-05-2018

Nº rex.: 2018018849 Data de rexistro 30-05-2018

Valorando as demais obras presentadas, que se axustan ás características descritas nas bases, tras as deliberacións oportunas, o xurado do premio acorda conceder o seguinte galardón:

Premio dotado con **1.500 euros** á obra presentada baixo o lema: A ogra pinta e as chulas e titulada: AS HISTORIAS DA OGRA PINTA de dona **Ánxela Rodríguez Rodríguez**

O xurado destaca da obra premiada:

Que se trata dunha narración moi agradable de ler. Son pequenas historias de aventuras nas que se desenvolven as vidas de rapaces dunha pequena aldea galega, cun entorno natural fermoso e cheo de feitizos. Os personaxes que aparecen nelas, parecen ser malvados, pero ao final sempre teñen bondades. A obra transmite valores moi importantes, como é o de non ter prexuízos iniciais, sen ter pleno coñecemento das cousas.


E indica que, en xeral, todos os textos presentados son aceptables e de boa calidade.

E para constancia do tratado, levántase a presente acta, que é asinada por todos os membros, en Ourense na data arriba indicada, sendo as 12:15 horas, do que eu, como Secretaria dou fe.

En Ourense a 27 de xuño de 2017

Asdo.: José Manuel Fernández López

Membro do xurado



Asdo.: Mario González Sánchez

Membro do xurado




Asdo.: Manuel Doval Soto

Presidente do xurado




Asdo.: Carlos Rodríguez Calvo

Membro do xurado



Asdo.: Xosé Manuel Cid Fernández

Membro do xurado



Asdo.: Ana M^a Malingre Rodríguez

Secretaria do xurado

